

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DEZANOVE DE XULLO DE 2007, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA  
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ  
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE  
D<sup>a</sup>. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO  
D<sup>a</sup>. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ -LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e vinte minutos do día dezanove de xullo de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dez de xullo do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

**2º.- Instancias de obras de particulares**

**2.1.- Instancia num. 573/07 de don Ramón Louro Boo**

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Andrés de Trobe, solicita licenza para proceder á parcelación da finca num. 308 do plano de concentración parcelaria de San Andrés de Trobe, situada no lugar de Bazar, en tres parcelas resultantes : 308-A (1.948 M<sup>2</sup>); 308-B (546 M<sup>2</sup>) e 308-C (436 M<sup>2</sup>), segundo o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro don Jesús Francisco Nieto País.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza de parcelación solicitada, non surtindo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas municipais correspondentes que ascenden á cantidade de cento oitenta euros (#180,00#).

## 2.2.- Instancia num. 414/07 de don Manuel Fernández Devesa

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, de aproximadamente 95 m2 en planta, consistente no cambio de uralita e tella, situada en Gándara-San Fins de Sales, en solo non urbanizable de núcleo rural (NN).

Dáse conta asimesmo da autorización do Ministerio de Fomento

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación, non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa coma a do cumio, así como as pendentes dos faldróns. Ademais en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta e nove euros con once céntimos (#59,11#).

## 3º.- Acordo, se procede, sobre cambio de titularidade de licenzas de apertura de establecemento

### 3.1.- Licenza de apertura establecemento destinado a *Hostal Pensión de 2 estrelas e cafá-bar*

Vista a solicitude núm. 1.348/07 presentada por don Jesús García Rendo en representación de Puente Ulla, S.L. para transmitir a favor de Puente Ulla, S.L. a titularidade da licenza de apertura de establecemento destinado a *Hostal Pensión de dúas estrelas e Café Bar* sito en Vista Alegre (Ponte Ulla), deste termo,

Considerando que non variaron as condicións obxectivas que determinaron, no seu día, a concesión da licenza con data do 4 de novembro de 1991 (último cambio de titularidade de data 14/01/1999) e que se cumpren os requisitos que establece o art. 13 do Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 1955.

Visto o disposto polos artigos 24,e) do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e o 41.9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autoriza-la transmisión solicitada, sen prexuízo das restantes autorizacións que, de se-lo caso, corresponda outorgarlle a outros organismos públicos, sempre e cando non variaran as condicións que determinaron a concesión da licenza no seu día.

Segundo.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención Municipal, que ascendeu á cantidade de douscentos corenta euros (#240,00#) xa ingresada previamente nas arcas municipais, requisito sen o que esta autorización non surtiría efecto ningún.

Terceiro.- Notifíquese, en forma regulamentaria, ó transmitente e ó adquirente.

3.2.- Licenza de apertura de establecemento destinado a café-bar de 1ª categoría

Vista a solicitude núm. 1.347/07 presentada por don Jesús García Rendo en representación de Punte Ulla, S.L. para transmitir a favor de Punte Ulla, S.L. a titularidade da licenza de apertura de establecemento destinado a *Café-Bar de 1ª categoría* sito en Vista Alegre (Ponte Ulla), deste termo,

Considerando que non variaron as condicións obxectivas que determinaron, no seu día, a concesión da licenza de cambio de titularidade con data do 14/01/1999 e que se cumpren os requisitos que establece o art. 13 do Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 1955.

Visto o disposto polos artigos 24,e) do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e o 41.9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autoriza-la transmisión solicitada, sen prexuízo das restantes autorizacións que, de se-lo caso, corresponda outorgarlle a outros organismos públicos, sempre e cando non variaran as condicións que determinaron a concesión da licenza no seu día.

Segundo.- Aproba-la liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención Municipal, que ascendeu á cantidade de cento vinte euros (#120,00#) xa ingresada previamente nas arcas municipais, requisito sen o que esta autorización non surtiría efecto ningún.

Terceiro.- Notifíquese, en forma regulamentaria, ó transmitente e ó adquirente.

4º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación obras do PCP 2007

Dáse conta do anuncio de licitación, por procedemento negociado, das obras incluídas no *Plan de Cooperación da Deputación*, publicado no xornal El Correo Gallego con data 27 de xuño.

De seguido dáse conta das ofertas presentadas durante o prazo establecido no citado anuncio para as seguinte obras:

4.1.- *Afirmado e acondicionamento de pistas en Romarís -San Xián de Sales (código 07.3100.0289.0). (Orzamento: 42.767,75 euros)*

\*Proposta num. 1 de Martínez Montes e Hijos, S.L que oferta a cantidade de trinta e nove mil trescentos corenta e seis euros con trinta e tres céntimos (#39.346,33#), que representa unha baixa de tres mil catrocentos vinte e un euros con corenta e dous céntimos (#3.421,42#) sobre do tipo.

\*Proposta num. 2 de Construcciones Cernadas, S.L que se rexeita ó non coincidir o importe e máis a baixa ofertado co orzamento base de licitación.

\*Proposta num. 3 de Obras e Viales de Galicia, S.L que oferta a cantidade de corenta mil catrocentos vinte (#40.420,00#) euros, que representa unha baixa de dous mil trescentos corenta e sete euros con setenta e cinco céntimos (#2.347,75#) sobre do tipo.

Á vista das mesmas, a Xunta de Goberno acorda adxudicar a citada obra á proposta num. 1 de Martínez Montes e Hijos, S.L por ser a oferta máis economicamente vantaxosa e empresa competente.

*4.2.- Afirmado e acondicionamento de pistas en O Francés (Código 07.3100.0290.0). (Orzamento: 46.728,98 euros)*

\*Proposta num. 1 de Construcciones Cernadas, S.L que se rexeita ó non coincidir o importe e máis a baixa ofertada co orzamento base de licitación.

\*Proposta num. 2 de Obras e Viales de Galicia, S.L que oferta a cantidade de corenta e catro mil douscentos corenta (#44.240,00#) euros, que representa unha baixa de dous mil catrocentos oitenta e oito euros con noventa e oito céntimos (#2.488,98#) sobre do tipo.

Á vista das mesmas, a Xunta de Goberno acorda adxudicar a citada obra á proposta num. 2 de Obras y Viales de Galicia, S.L ó ser a única oferta presentada válida e empresa competente.

*4.3.- Afirmado e acondicionamento de pistas en Iglesias-Vedra (código 07.3100.0291.0). (Orzamento: 32.240,52 euros)*

\*Proposta num. 1 de Martínez Montes e Hijos, S.L que oferta a cantidade de vinte e nove mil seiscientos sesenta e un euros con vinte e oito céntimos (#29.661,28#), que representa unha baixa de dous mil cincocentos setenta e nove euros con vinte e catro céntimos (#2.579,24#) sobre do tipo.

\*Proposta num. 2 de Construcciones Cernadas, S.L que se rexeita ó non coincidir o importe e máis a baixa ofertada co orzamento base de licitación.

\*Proposta num. 3 de Obras e Viales de Galicia, S.L que oferta a cantidade de trinta mil cincocentos vinte euros (#30.520,00#) euros, que representa unha baixa de mil setecentos vinte euros (#1.720,00#) sobre do tipo.

Á vista das mesmas, a Xunta de Goberno acorda adxudicar a citada obra á proposta num. 1 de Martínez Montes e Hijos, S.L por ser a oferta máis economicamente vantaxosa e empresa competente

*4.4.- Pista polideportiva no campo da festa de San Andrés de Trobe (código 07.3100.0294.0). (Orzamento: 31.091,49 euros)*

\*Proposta num. única de Obras e Viales de Galicia, S.L que oferta a cantidade de vinte e nove mil seiscientos vinte euros (#29.620,00#) euros, que representa unha baixa de mil catrocentos setenta e un euros con corenta e nove céntimos (#1.471,49#) sobre do tipo.

A Xunta de Goberno acorda adxudicar a citada obra á oferta presentada pola empresa Obras y Viales de Galicia, S.L ó ser a única presentada e empresa competente.

## **5º.- Comunicaci3ns e escritos varios**

### **5.1.- Comunicaci3n da Secretar3a Xeral de Comunicaci3n**

D3ase conta da citada comunicaci3n da Direcci3n Xeral de Comunicaci3n Audiovisual da Secretar3a Xeral de Comunicaci3n, relativa á conces3n dunha subvenci3n, 3 abeiro da Resoluci3n do 1 de marzo de 2007 (DOG n3 47, do 7 de marzo), pola que se convocan subvenci3ns 3s concellos para a dotaci3n de equipamento para prestaci3n do servizo de radiodifusi3n FM (modalidade A), por importe de dous mil (#2.000#) euros

A Xunta de Goberno acorda aceptar a citada subvenci3n e demais requisitos establecidos na citada convocatoria.

### **5.2.- Comunicaci3n num. 1.303/07 da Conseller3a de Traballo**

D3ase conta da citada comunicaci3n da Direcci3n Xeral de Promoci3n Econ3mica da Conseller3a de Traballo, relativa á conces3n dunha subvenci3n por importe de once mil cincocentos cincuenta (#11.550,00#) euros para a financiaci3n do 70% da campaa co3eece as empresas de Vedra.

A Xunta de Goberno acorda aceptar a citada subvenci3n

### **5.3.- Escrito num. 1.310/07 de don Manuel Devesa Garc3a**

D3ase conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en G3ndara -San Fins de Sales, exp3n que ten unha porcentaxe de minusvalidez do 86% e que precisa usar cadeira de rodas, polo que solicita que se lle expedita tarxeta de aparcamento , segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e o Decreto 35/2000 que a desenvolve, da Comunidade Aut3noma de Galicia, compromet3ndose a cumprir as normas que regulan a s3a expedici3n.

A Xunta de Goberno acorda accder 3 solicitado

## 6º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

6.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data once de xullo do ano que andamos, pola que se designan os membros da Mesa de Selección para a contratación de tres monitores de tempo libre para o campo de traballo.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data once de xullo do ano que andamos, pola que en función das puntuacións obtidas no proceso de selección, ordéase a contratación de don Juan Carlos Alonso Nodar e dona Amavel Varela Rey como peón de protección civil.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data once de xullo do ano que andamos, pola que se aproba o orzamento de gastos en mobiliario para a ampliación da Biblioteca Municipal e solicitar a colaboración da Consellería de Cultura e Deporte.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data doce de xullo do ano que andamos, relativa a aspirantes admitidos e excluídos, nomeanse os membros do Tribunal e fíxase día e hora para a selección dun monitor deportivo, incluído no convenio coa Deputación Provincial, por renuncia por motivos profesionais de don Eduardo Barreiro Mayo.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trece de xullo do ano que andamos, pola que se orde a contratación de dona Rocio Cea Martínez, dona Sofia Riveiro Oliveira e don Manuel Rosende Torres como monitores de tempo libre para o campo de traballo.


A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.6.- Dáse conta das Resolucións da Alcaldía de data dezaseis e dezasete de xullo do ano que andamos, polas que se autorizan o disparo de fogos de artificio os días, 21 , 22 e 23 de xullo e 7 e 8 de agosto, con motivo da celebración das festas parroquiais en San Andrés de Trobe e San Mamede de Ribadulla respectivamente.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.7.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezasete de xullo do ano que andamos, pola que en función da proposta da Mesa de Selección ordéase a contratación de don Juan Manuel Chenlo Fernández como animador deportivo.

A Xunta de Goberno dáse por enterada



**7º.- Outros Asuntos**

Non se presentaron

Conclúe ó fio das vinte e tres horas

